

RESOLUCIÓN DE 10 DE NOVEMBRO DE 2016 DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA A CORUÑA, DE BAREMACIÓN DEFINITIVA DAS CATEGORÍAS DE DIPLOMADOS SANITARIOS, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA, NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 16 DE MARZO DE 2016.

Mediante a Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 16 de marzo de 2016 (DOG nº 61 do 31 de marzo) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Despois da publicación da resolución provisional de baremación, das categorías de diplomados sanitarios con data 19 de setembro de 2016, e unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Xestión Integrada,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar as puntuacións definitivas de baremación, no devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna, correspondentes ás seguintes categorías:

- Enfermeiro/a
- Enfermeiro/a especialista en Obstetricia-Xinecoloxía (Matrón/a)
- Fisioterapeuta
- Logopeda

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, segundo o caso, enténdense implícitas coa publicación desta resolución.

Segundo: Darlle publicidade ás listaxes definitivas de baremación das categorías relacionadas, a través do taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación definitiva tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

Terceiro: Convocar aos/ás aspirantes das categorías relacionadas no apartado primeiro aos distintos actos de elección de prazas.

Xerencia de Xestión Integrada

As persoas aspirantes serán chamadas por rigorosa orde de puntuación, para escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercitar o seu dereito de opción, segundo o seguinte calendario:

CATEGORÍA PROFESIONAL	DÍA	HORA
Enfermeiro/a especialista en Obstetricia- Xinecoloxía (Matrón/a) Fisioterapeuta Logopeda	Luns, 21 de novembro	16 horas
Enfermeiro/a (do nº 1 ao 120)	Luns, 21 de novembro	16:30 horas
Enfermeiro/a (do nº 121 ao 240)	Martes, 22 de novembro	16 horas
Enfermeiro/a (do nº 241 ao 351)	Martes, 22 de novembro	17:30 horas

Lugar: Salón de actos do 4º andar do Hospital A Coruña


Cando exista imposibilidade de acudir ao acto de elección, poderase subscribir un apoderamento, no que asinará a persoa que elixe praza e a persoa apoderada, achegando fotocopia do DNI. Dito apoderamento solicitarase no Espazo do profesional da Dirección de RR.HH.

No acto de elección é necesario a identificación mediante DNI. Os profesionais asinarán, no propio acto, o documento acreditativo da súa elección.

Cuarto: Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 10 de novembro de 2016

O Xerente de Xestión Integrada



Asdo.: Francisco José Vilanova Fraga
Xerencia de Xestión Integrada